

*Amo teu viço agreste e teu aroma  
de virgens selvas e de oceano largo, ámote,  
jo rude e doloroso idioma!*

OLAVO BILAC

## 1. A TEORIA DO LINGUAXE

Cultura e linguaxe compoñen unha indisociable amea, trabada po-la forza da vida. Entremedias d-un e outro concepto obra un vencello básico, latente na historia da civilización. Aínda sendo unha relación de fondo calado no destiño da humanidade, o seu papel non foi en todo tempo enxergado a dereitas. Nin siquera pol-as cimas do pensamento filosófico.

Até chegar ao século XX, sobre a función das linguas e a súa evolución, viña manténdose en foco a teoría do inmovilismo lóxico. Aquela que Tullio De Mauro condensa na "frase como modelo do feito". 1. Lucía unha paternidade prestixiosa, pois fora Aristóteles a súa vaca sagrada, e topara modernamente en Wittgenstein o seu vigairo maior.

Con Benedetto Croce mudaron as cousas. 2. A tesa feita do esquema tradicional escomenzou a dar de si. O pensador napolitán puxo no carro da filosofía do linguaxe un eixo novo, que aínda non parou de girar. Un eixo ben curto por certo: "parole é intuición". 3. A sutil descuberta foi axiña profillada por Vossler. E cecais fora Saussure quen-a levou a mais cobizoso desenvolvemento, na doutrina do linguaxe como sistema d-expresión.

Eles e outros deron pulo a unha nova corrente do pensamento científico. Non viría a conto que nos pararamos a reflexal-a eiquí. Mais xa que puxemol-os pés no eido, compre lembrar aínda a Novalis. Dixera do linguaxe que é "o reflexo do mundo". Tanto é como reconocerlle a natureza mudadoira que remanece do crima social onde a lingua xurde e medra. Non a que pudera recibir metida no xustillo de certas estruturas lóxicas.

Mais si agora lembramos ao filósofo galo, ha ser por algunha cousa aínda máis chea de ensulla. Para nos é aquela onde define ao linguaxe como "o instrumento que lle permite ao espírito chegar a *auto-conciencia*".

4. Despois d-esta, ningunha outra peza de convencimento compre pra dar idea da desfeita moral que supón a un pobo o abandono da súa fala. Ou calquera outra sorte de asoballo que tolla o desenrolo da lingua propia.

## 2. AS FUNCIONS DA LINGUA

Mais ou menos, os especialistas concordan na determinación dos fins a que o linguaxe responde. Pouco difiren uns d-outros cando chega o intre de especificar as funcións atribuídas a un idioma dado. Pra non mexer demais na nómina dos autores, faremos escolla de dous: Jevons e Marshall Urban.

Asegún o primeiro, compre axustar a tres rangos a valoración d-unha lingua: "*como meio de comunicación*, como auxiliar mecánico do pensamento e como instrumento de lembranza e referencia". 4.

A mesma descomposición triádica rexistra o segundo autor: "*como portador de sensos*, como *meio de comunicación* e como signo ou símbolo da realidade". 5.

N-un punto chegan á coincidencia literal. Aquél que sô en tres palabras describe o obxeto considerando-o como a ferramenta que fai viable a comunicación intra-homes. Outras propiedades tamen sinaladas son a máis. Complemento ou incremento da función axial. Despois do que levamos dito, pol-a nosa conta ou por conta allea, logo se descubre onde o verdadeiro fundamento pra establecer a xerarquía d-unha lingua, se atopa. Na lingua, dí Hegel, "*actualízase a cultura*". 6. Estamos, pois, a pôr

mao n-unha peza maxistral pro desenvolvemento do grupo humán, onde a fala propia tuvo e ten a súa fonte. Onde medra e se nutre incorporada ao xurrar da vida.

A imaxe do que unha lingua foi ou deixou de ser no percurso das edás, non se debera interpor na comprensión do seu destino. Tampouco debera reducir o reconecemento da capacidade funcioal que teña, no orde daqueles fins, ben ao presente ou ben car-o futuro. Aínda que viñera remontando o "rude e doloroso" proceso que ecóa no verso de Bilac. 7.

### 3. A MARXINACION DO GALEGO

Da teimosía n-unha óptica revirada ao pasado ningún proveito podera agardarse. Con concencia do mal, ou sin ela, semellante visión é a que mantén aínda hoxe, envolto n-un senso reverencial de reliquia, ao idioma galego. D-unha banda, pol-o fenómeno de marxinación, que xa leva durado mais de catro séculos. Resulta, quéirase ou non, da presión asimilista que exerce o castelán oficializado.

D-outra banda, pol-o complexo de inferioridade, que en torno á fala propia aquela marxinación provocóu na área de nacencia. A proscripción do uso nas escolas, no culto, nas relacións administrativas, etc. tiña que acarrexar a longo termo, cando menos, ésta pauliña serodia da auto-subestimación. Máxime na poboación mono-lingue, que aínda hoxe chega ou pasa dos tres cartos da total.

Temos diante de nós un "status" posicioal vicioso e falaz, que algún día entrará no desxelo. Mais pra conquistar tan lexítimo obxectivo, non abonda co-a denuncia isolada e teórica. Cando menos si se exerce com-a deica agora, arrequecida nos sentimentos reivindicativos, e pouco mais.

Recuncando n-este xeito de obrar, é ben seguro que non se vencerá a xordeira das esfinxes entronizadas. Mais a cousa podería mudar de vez, si fóramos homes d-abondo pra ligar o problema do idioma, a un pensamento social moito mais que á reacción sentimental.

Fai falla escomenzar poñendo en destaque, entre os valores que a nosa lingua conserva, a súa capacidade como "meio de comunicación". Chegou o intre de cifrar a importancia do idioma —mais que no seu orixe e seus servicios á creación literaria ou histórica—, no censo das persóas que valéndose da ferramenta verbal recibida no lar, poden entenderse pol-o ancho mundo. Ao mesmo tempo compre ter en conta a evolución previsible das magnitudes demográficas que veñen avencelladas, na comunidade lingüística, resultante d-un arriscado proceso histórico. 8.

#### 4. AVENTURA MUNDIAL DA LINGUA

"Da Galiza recibimos —escribira Theófilo Braga— lingua, poesía e aristocracia". Mentras a Reconquista progredía a lingua iba espallándose pol-as terras do Poente ibérico. Por unha banda, os macizos de Castela, onde toda posibilidade de expandimento acabara. Por outra a infinitude do océano, aberta a moitas aínda veadas infinitudes.

Dende a ourela do Douro, vixiada pol-as almeas do Castelo de Guimarães, o avance do galego proseguíu até a Ponta de Sagres, cravada no rosa náutica por Henrique O Navegador. Mais a xeira non chegara d-aquela nin a metade do camiño.

Despois viría o lanzamento sobre os espazos ignotos. Após do drama das armas sebastianistas na Africa, ou pol-as roitas das Indias orientales e occidentales, con mariñeiros, capitáns, descubridores barbudos, misioneiros alumeados, conqueridores e poboadores, o galego convertiuse en verbo da epopeia marítima e do Imperio de Portugal. Eis-a grandiosa aventura mundial que viña chamado a correr o primoxénito do latin.

Con ela fíxose adulto como idioma do mundo moderno. Do mundo que nacéu das Descobertas, en sorte parella co castelán. Non se pode esquecer que despois, a existencia externa do galego resultou condicioada pol-o fondo ecolóxico e vivencial d-outras terras, outros climas, outras razas... E que un idioma "est né de la vie, comment la vie, après l'avoir créé, l'alimente". (Henri Berr). 9.

Non podían deixar de producirse influxos, e adaptacións, chamados a disminuir a identidade formal, entre a ponla primitiva e a fortemente evolucionada e longal. Mais unha e outra pertencen ao mesmo albre lingüístico. As diferencias de fonación ou de grafía non son barreira infranqueable pro entendimento recíproco. Non anulan, nin moito menos, o valimento do sistema común, nin como meio de comunicación, nin como "outillage mental" da cultura.

Sô desrespeitando o resultado histórico de tan fecunda andadura, se pode deixar de comprender que hoxe pouco representa o destiño autónomo da fala galega. O que importa, por enriba de todo, é o destiño conxunto da lingua galaico-portuguesa. A integración e desenvolvemento d-un dos grandes dominios lingüísticos da civilización atlántica.

## 5. O MAPA DA FALA COMUN

O mapa da lingua de Camoëns e Rosalía abrangue terras de catro continentes. Atendendo ao censo dos que a usan, clasifcase no terceiro posto entre as linguas neo-latinas. Despois do inglés e o castelán, é tamen a terceira das Américas.

Hoxe o cómputo anda pol-as veiras dos cen millóns de falantes. Todos se entenden, ou pódense entender, nas mesmas voces. O feito de que algunhas desemeallanzas se aprecien na fonética ou na escritura non merma validade ao xuicio.

Do total d-aquel censo, mais dos oitenta millóns viven sô n-un país. O que ha de ter sempre papel gravitante no conxunto, non somente pol-a forza do número. Hoxe tamen pol-a súa puxanza económica e a xerarquía da súa literatura.

Compre engadir que, entre o continxente super-maoritario do Brasil, e o núcleo orixinario, aquelas desemeallanzas son minguadas. Maiormente no idioma escrito. O exemplo da prosa de Guimarães Rosa, entre outros menos ao día, constitue o mellor testemuño pra reforzar a nosa apreciación.

Os datos que describen o expandimento xa arrecadado pol-a lingua galaico-portuguesa son impresioantes. Mais o son moito menos do que terán de ser ao cabo d-algúns decenios. Os índices de crecemento demográfico e tamén económico do Brasil, fornecen proba anticipada da realidade que está a vir, moito mais densa e próspera ainda da que hoxe eisiste.

Tardarán mais si se quer, outros países, como Angola ou Mozambique, en chegar a unha escada de maor desenvolvemento. De todol-os xeitos, a descolonización nunca poderá incluir a lingua, seu mellor herdo, definitivamente xunguido á historia futura de moitos pobos chamados a conquistar fortes aceleramentos no ritmo da súa expansión.

Pol-o tanto dentro da comunidade o valor —espazo canto o valor— tempo da nosa lingua, son ben craros. O primeiro é d-unha realidade grandiosa. O segundo ven a ser hoxe tan positivo como prometedor car-o mañán.

## **6. AREA HETERO-ETNICA DA FALA**

Si agora quixeramos pôr lindeiros ao territorio lingüístico, básicamente uniforme, do galego-portugués, teríamos de situar en Ribadeo o do Norte, e o do Oeste en Corumbá, deixando o Atlántico no meio. O primeiro marca a extrema no Continente europeo. O segundo, na fronteira boliviana do Brasil, con Ponta Porá na paraguayaya, marca as extremas no continente sud-americano. Mais alá d-unha raia e da outra ábreanse os dominios da lingua de Castela.

Sin tragner a conta outros espazos da mesma condición idiomática, no que rematamos de deslindar viven mais de noventa millóns de seres humáns. O número conta, si ben n-este caso non conta menos a variedade etnográfica. Poboacións indo-europeas e amer-indias, africanas e asiáticas. Poboacións enxebres e cruzadas, indíxenas e inmigradas, con maorias civilizadas, masas cuase cultas, refugallos de salvaxismos... Formando unidades homoxéneas ou mesturadas, viven brancos e negros, acetonados e mulatos, criollos e mestizos.

Atópase dentro do marco que deixamos rascañado o paisaxe humán cecais menos homoxeneo do "mapa mundi". Ben difícil sería localizar outro conxunto mais explosivo no tocante aos feitos étnicos, estrutura e cooración somáticas, orixen racial... A heteroxeneidade tamen recae nas condicións ecolóxicas, relixiosas, políticas, primitivas ou de adopción, onde aquelas variedades antropolóxicas proliferan.

Semellante mundo bi-continental, repartido en dous hemisferios, encerra un fabuloso feixe de pobos, suxeitos a acción de distintos climas, gobernados por diversos credos e réximes. Desce da zona temperada boreal a austral, monta a cabala do Ecuador, e adquire seu mais alargado embolsamento entre esta liña e o trópico de Capricornio.

Mais non todo é disonancia e contraposición n-esta variopinta moitedume de razas. Por enriba das suas cristas diferencias, achamos un primeiro punto de entendimento e fusión: o idioma. Os noventa millóns de seres humanos de tan disparexas procedencias, que deica poucos anos serán cen, constituen o macro-censo falante —e non completo— do romance evolucioado que, mais de dez séculos atrás, Galiza desgaxou do latín. Desgaxou do mundo clásico pra enriquecer o mundo moderno, mantendo aínda avivecido con forzas propias seu ciclo vital.

## 7. OS FROITOS DE TRANSCULTURACION

A magnitude do fenómeno que vimos estudando, xustifica que levemos un pouco mais lonxe ésta pequena esculca. Pol-os valores da lingua, nascida sin a mao tutelar do poder, os ferrollos da comunicación entre millóns de homes foron desfechados. Os que denantes vivían en arredamento pol-a dispersión ecolóxica e a segregación racial viñeron a converxer n-un vieiro de común entendimento. Unha vez mais fíxose tanxible o principio que albiscara Vendryes:... "est le langage qui a permis à l'home de prendre conscience de lui-même et de communiquer avec ses semblables, qui a rendu possible l'établissement des sociétés". 9.

Ningunha executoria de tanta autenticidade podería ser traguida a conta, con obxeto de xustificar a capacidade e vixencia d-un sistema de comunicación. O que os nosos devanceiros forxaron, embreñados no costa-

do occidental da Romanía, viña chamado a un destiño glorioso, que non podería morrer nas nosas maos. O destiño que conqueriu valentemente como verbo da aventura corrida pol-as naus de Portugal co-a Cruz de Cristo nas velas.

Todo o que dura ven do miragre da lingua. Da súa asimilación as masas poboadoras das terras ultramaríñas. D-este xeito foi como as razas de latitudes lonxicuas, recuadas no misterio do mato virgen, acadaron os bens da civilización europea. Pol-a mesma canle rubíu a elas o tesouro das culturas clásicas, e diante dos seus ollos deslumeados, abríronse os horizontes do saber e do progreso sociaes.

Semellante fazaña de transculturación non fora merecente de valoración tan esgrevia, si se produxera entre minorías mais ou menos cultas. N-este caso tuvo outro signo. Prodúxose de abaixo arriba. No pobo denantes que na "élite". Teño pra min que n-esta radicalidade do proceso, na capilaridade da súa forma de propagación, acada súa cimas épicas. Aquelas socialmente mais xurdías, e mais promisorias de permanencia e ulterior crecemento.

Non podería ficar probado de xeito mais convincente, como a creación do xenio d-un país, pode resultar doadora de froitos da mais positiva utilidade social. Aínda compre n-este senso chegar a maiores precisións.

## 8. UNIFICACION POL-A LINGUA

Lingua do pobo e dos trovadores era o galego que no século XIII Dom Diniz, Rey labrador, plantador e poeta, convirtíu en idioma oficial do seu Reino. D-aquela Galiza e Portugal mantíñanse aínda en certa unidade d-esprito. Foi tan gloriosa simbiosis o berce remoto do espectáculo cultural, que hoxe podemos contemplar e vivir.

De tan nobre orixe, sobreviven realidades sociaes cheas de fecundidade. As que fixeron posibre, a despeito de diferenciacións raciaes, de continentes e de hemisferios, paralelos e meridiáns... que un labrador de Castroverde poida parrafear c-un "facendeiro" de Río Grande do Sul;



que un mineiro de Silleda poida entenderse mao a mao c-un "garimpeiro" que arrinca diamantes en Rochedo ou Corguiño (Matto Grosso); unha re-gateira do Berbés ou do Muro da Cruña con unha varina de Peniche ou de Porto Alegre; un intelectual luso-galaico con un "bugre" dos Campos Gerais.

Cantos galegos labraron despois fortunas inmensas en Lisboa ou no Brasil, sañeron da terra c-unha mao diante e outra detrás. Non mane-xaban mais arma que a súa lingua, pra vencer na emigración. Sin ela, os fados que lle foron garimosos, hubéranse alonxado do seu camiño. Sin ela, e sin conocimiento suficiente d-outra fala, a franquía que a comunicación proporciona non lle abriría a porta de estranos países.

As verticaes gayolas de ferro e cimento, que aloxan a frebe dos negocios en Sao Paulo, Río, Santos, Belo Horizonte, Recife... están po-boadas de voces galegas. As que foron arrincadas ás cordas do pobo desde Ayra Nunes a Macias, pasando pol-o Rei Sabio. As voces nas que rezan as negras da Bahía noveladas por Jorge Amado, as mesmas oracións que se ofrecen ao Bon Jhesus de Braga ou a Virgen da Franqueira. Unificación pol-a fé, que no caso non e simple exemplo de sincretismo relixioso, pois presupon outro xeito de unificación. A unificación pol-o linguaxe.

## 9. CHAVE DE MUNDOS PECHADOS

Ningún experimento mellor que o de mergullarse por certo tempo n-esta estalante bolsa do orbe, escoitar a disforme cadencia dos seus la-  
textos, tomar o achego dos feitos violentamente diferencias, pra coñocer a percusión, profundamento humán, do fenómeno socio-cultural a que me veño referindo. Hai xa algúns anos percorrín, cuase de ponta a ponta, a xeografía lingüística galaico-portuguesa. Poucos ensiños mais fecundos, pra un galego de hoxe, que o recibido da comunicación na súa lingoa, cos inmigrados xaponeses radicados en Campo Grande ou Cuyabá, ou exprorar a y-alma dos tupís-guaraní que baixan da tribu ao mercado das cidades, por citar sô dous exemplos.

Almas pechadas a cal e canto nos muros do ancestro racial. So-  
mente poderían abrirse un pouco pra os estranos ao conxuro da fala co-

mún. Penso que non e pequena regalía dispoñer d-unha chave máxica pra penetrar no segredo de mundos moraes tan diferentes do noso. ¿Non ven a ser un privilexio do meirande valor humano?

Descubriron-o ben a tempo os misioneiros das relixións militantes. En troques, non parecen sospeital-o os que podendo favorecer a plena rehabilitación da lingua nativa, escomenzándo pol-a escola, eirexa, os meios audio-visuales... mantéñense afincados na teimosia da marxinação.

## 10. POSICION CAR-O FUTURO

A área de espallamento da lingua galaico-portuguesa, non fica limitada a dous continentes. Mais xa se sabe que Europa e América serán os escearios do seu futuro, como son de seu presente.

Ninguén pode con certeza aventurar pronósticos, sobre si o censo de falantes, manterá no día de mañán a proporcionalidade que hoxe garda co censo do castelán. O crecemento explosivo do Brasil alimenta non poucas dúbidas. Aínda seguindo as cousas do mesmo xeito —con superioridade numeral do idioma de Cervantes— o problema da coexistencia e da evolución de entrambos sistemas de comunicación non perderá intrés socio-cultural.

Moito mais, tendo a emigración española proclividade histórica, pra escoller aos das Américas como países de acollimento. Este e outros imperativos, farán sempre inxustificable que, do mesmo lado se mantexa unha posición inhibitoria, cando non subestimatoria, par-a ponla orixinaria da terceira das linguas faladas mais alá do Atlántico.

Non debера botarse a esquecemento, o fenómeno de subordinación entre o florecimento das linguas e o desenvolvemento das sociedades a que veñan incorporadas. Aínda que da parte do Estado se persistira en abandoar o galego a súa sorte, a lingua extravernácula seguirá evolucionando e mellorando suas marcas nos territorios que a profillaron. De xeito que a-o descoñocer éste proceso multiplicador, sin proporcioar a Galiza axudas pra acompañal-o, serán tamen os intreses xerales de España os que resulten danados. Sufrirían a perda da mellor vía de influencia humana, económica e cultural, no trópico ultramaríño.

Só pol-a coexistencia activa do castelán co galego, sin servidume nin aldraxe d-un sobre outro, poderá establecerse n-este orde de relacións, unha posición ventaxosa car-o porvir. Unha posición que aínda España pode aproveitar a fondo, gracias a que a lingua oficialmente leixada non se perdeu. Unha posición que pra sí quixeran norteamericanos, rusos, ingleses, franceses ou italiáns pra aumentar a seu influxo en terras que sempre lle encheron o ollo.

Somente valéndose do tunel lingüístico do Noroeste, hoxe tan pouco aberto, a cultura e a economía españolas poderían expandirse n-aquel fabuloso mundo. O cobizado mundo do porvir, ao que a esquecida Galiza, vai xa pra cinco séculos, transmitíu seu herdo mais grorioso, nos lusitanos beizos de Pedro Alvares Cabral.

## 11. A CAUSA DO IDIOMA GALEGO

O tema —como logo se adiviña— dará aínda moito xogo. Coido, endeben, que temos boas razóns a favor. A causa do idioma galego non é certamente unha causa perdida. O que compre agora e pôl-a ao día e no seu sitio.

A contra maior —tamen se sabe— proven do inmovilismo estratificado, subproducto serodio da centralización estadual. Sempre foi semellante querencia ao gosto dos que serran de riba. No decurso de varios séculos non podía deixar de trocarse en escleroma de invidencia, a recú das ideas mais abertas do humanismo moderno.

Aínda así, non se matina que poida constituir irremovibel unha posición. Tarde ou cedo —a cousa anduvo mais lonxe— terá de ser superada. Boa proba temol-a á mao no froito das derradeiras anadas, dourado pol-a esperanza das linguas que sofren alienación. Ben séi que as esferas do poder político non se fixeron até agora solidarias do movemento a prol do valor social das linguas. Algún día cairán na conta do seu erro. Como a sua hora cairon dende a URSS ao Vaticano, pasando pol-a Unesco.

Penso que é sô custión de tempo. Maiormente a liberación do dereito d-aquelas linguas que foron inxustamente marxinas. N-este feixe

ha de terse por incruída toda lingua que atesoure probadas virtudes funcionales par-a comunicación e a criación da cultura... Moito mais cando veña enraigada sobre longas parcelas do mundo, onde atopou seguranzas de crecente expandimento.

Enxergado d-este xeito o problema, fica desbotado o enfoque tradicional do mesmo. Tanto sexa tomado de fora com-a de dentro. De fora, pretextando a defensa d-unha prioridade que ninguén tenta ferir. A que teñan adquirida os intreses d-outra lingua gloriosa, que nin se poden nin se queren danar. Mas que tampouco lexitimarían en xogo limpo calquera forma de incompatibilidade co-as falas conviventes no mesmo chan.

O bilingüismo non e ningún mal. Pol-o contrario é progresivo, mentras o monolingüismo é regresivo. Verdade de crauo pasado, moito mais elemental cando a dobre ferramenta é útil pra un se valere no campo de grandes isoglosas autónomas, e aínda con pequeno marxe de superposición. O bilingüismo —e mais se foi adequirido no cedo— predispón ao plurilingüismo, eisixido de cote na vida das sociedades modernas.

## 12. COMO PLEITO REXIONAL

Virando de seguido o anteollo pra cara interior do tema, aínda pode haber algunha cousa a perceber. Arestora como denantes, o da lingua ven entendéndose sô com-a pleito rexional, sin implicacións colateraes. E tamén, por decontado, sin nutril-a defensa co-a executoria que o idioma, desdeixado na casa, conqueriu por fora.

Semellante rotina herdada, non somentes empanicou a verdadeira visión do problema. As veces até levou a supervalorar os factores de variación advindos entre o portugués e-o galego, brazos dereito i-esquerdo do mesmo corpo. De éste xeito, dentro da Galiza, ficou reducida a verdadeira talla do asunto. E tampouco se fixo luz d-abondo sobre a natureza e accidentalidade das diferencias fonéticas, sintácticas ou ortográficas, non obstativas pra comunicación ordinaria no ámbito da comunidade lingüística.

Certo que a condición rexional do pleito ten outra razón prou-sima. Por sabido que na sub-estimación da fala propia, a partir da escola, atopan seu alcaloide mais enérxico, as reivindicacións galegas. A persoa-lidade d-un pobo, que a ten no concerto da humanidade, recibe da sua lingua o perfil eminente e sustantivo. "El alma humana se confía al len-guaje para traspasar su fatalidad temporal", escribiu Pedro Salinas. 10.

Mais nos termos d-unha demanda tan lexítima non se encerra todo. Xuntamente con ela temos de xogar outra carta. Aquela que se ba-raxou no proceso forizo de evolución da lingua, e levoun-a ao nivel d-es-pallamento trascontinental que hoxe ten.

Cando esta fazaña estear, carregada de contido social vivente, se valore na sua verdadeira magnitude, a perspectiva tradicioal que ten o problema cederá a mellor. Mais non se pode agardar que mude por fora, se non empeza a mudar por dentro.

### 13. VARIACIONES NA UNIDADE

Lembremos que o "romance de labradores" pasou a idioma do Portugal nacente, após de ter recibido na terra galega a primeira forma-ción. Xa coallara con esgrevia brillantez na prosa dos códices medioevales e na lírica dos Cancioneiros. Porén, ao ficar partido en dous, algo tiña de magoarse a unidade formal da lingua.

A fase interna e a externa tiveron despois un desenvolvemento autónomo, e tamen asincrónico, si ben ligado pol-a estrutura común. Nada ten de extrano que ao cabo de séculos os resultados non foran cento por cento homoxéneos.

As desemeallanzas, con todo, son pequena cousa ao par das iden-tidades. E miragroso que aquelas non chegaran a mais, tendo en conta o distinto acondicionamento exógeno en que viviron unha e outra ponla do mesmo tronco. Unha, despois de chegar a fala de reis, abandoada a sua sorte. Outra facéndose da noite pra a mañan lingua imperial. Unha, como fala do pobo acollida no propio berce ao sagrario da rusticidade. Outra, espallada a lonxanos continentes, nos beizos da corte e dos subditos, so-bre unha impresioante amalgamazón de razas, terras e climas.

A proba foi dura e longa. Ademira contemplar hoxe que o esfacelo da unidade non atacara á semántica das palabras, nin á viabilidade do intertroque que comporta a comunicación. E posto que os valores básicos fican a salvo, non podemos renunciar a tirar d-eles o maior partido que poida obterse, prós intereses da cultura occidental.

D-unha mais chea interpenetración do galego no portugués, ou as avesas, sô ventaxas comúns poderán colleitarse. No primeiro ainda mana a fonte hoxe con mais caudal que en ningún tempo. Ainda garda no fondo do manantial a soleira da fala. No segundo, latexará sempre o gulo ensanchador dos dominios da lingua, a forza de constante anovamento. Da dobre conxugación do mesmo verbo poderían agardarse ainda acentos endexamais ouvidos.

#### 14. AS TRES LINGUAS MARXINADAS

Tampouco temos d-esquecer, que a condición de vivencia sin oficial vixencia, non rixe samente prô galego. E de certo unho pauliña común as demais linguas ibéricas, arregañadentes toleradas, pol-o sistema ultra-centralizado que dende fai séculos goberna.

Este reconecimento non debe esmoer os contornos d-outra realidade tanxible. A situación de feito antre os compoñentes do grupo, non e mesma que a situación potencial. Ao menos quantitativamente. Mentras os dominios do catalán e do éuskara esgótanse na fronteira vernácula, ou pouco mais alá, o contexto do galego-portugués no mesmo patrón non cabe. Non podía caber, dado que a nosa fala non é un instrumento restrinxido a comunicación entre galegos, ben sexan os afincados na terra ou os ciscados nas favorecidas pol-a emigración.

Somentes o idioma do Noroeste, ao par do castelán, ten auténtica e masiva proieución exterior. Ningunha xerarquía conta mais, na escada do valor social das linguas, que a capacidade de establecer relacións de entendimento directo co-as xentes d-outras áreas do mundo. Uunha propiedade positiva e dinámica, da que o catalán e o vasco non están enteiramente faltosos, mais que sô en pequena proporción lles asiste. E da que mais se pode falar en tempo pasado e presente, que en relación ao futuro.

Tampouco se tuvo, nin se ten en conta, nos cadros da acción central, a diferente dimensión do problema, entre unha e as outras linguas ibéricas. Nin como política de axuda social ao emigrante galego, nin como segundo viero na trasega da cultura hispana a un dos teatros maiores das Américas.

O primeiro semella contradecir principios non sempre tan profesados com-a declamados. O segundo pudera encarnar unha forma de empobrecimento cultural ou un trabón ao progreso dos pobos.

Algún día a concencia d-este mal faráse lúcida, aínda que hoxe non-o sexa onde debера. Na crecente humanización do pensamento universal, a viciosa vexetación dos perxucios e as tendencias anti-sociaes acabará por murcharse.

## 15. GALIZA E A EVOLUCION

Partindo das premisas que nos impoñen os feitos consumados, pode chegarse axiña ao punto crítico. ¿Qué camiño debe escoller Galiza par-a axustar a futura evolución da súa lingua? A pregunta presupón que o porvir da nosa fala, non pende somentes dos factores alleos que veñen interferindo a súa rehabilitación en cheo. ¿Non pode d-algún xeito estar recramando certa virada no rumbo da política interna do idioma?

Unha é a evolución continxente que deica agora seguíu. Outra a que en adiante deba ter. Aínda que a opción non veña por primeira vez ás nosas maos, podemos estar chegando ao intre no que deba ser exercida. O galego ha de seguir mantendo unha liña autónoma na súa evolución como idioma, ou ha de pender a mais estreita similaridade co-a lingua falada, e sobre todo escrita, de Portugal e-o Brasil? Os termos da custión non deben ser tomados no senso de que o galego, pra marchar en maior irmandade formal co portugués, teña que deixar de ser o que é.

Non se pretende chegar a unificación literal. Mais trátase de conter a disociación, facendo os axustes necesarios pra aproveitar as ventaxas mútuas que un intertroque permanente podería proporcionar. A nin-guén se lle oculta que, da parte de Galiza, hai a gañar moito mais que a perder, si a relación entre unha e outra fala se avivece e sostén.

Non sô pol-o perfeccionamento que se acadaría prô idioma como meio de comunicación debido ao maor uso na área falante do portugués. Tamen porque abriría pra nosa produción literaria un mercado de posibilidades mais alá de todo cálculo. E aínda, como recíproca doación, o enriquecemento lexico-gráfico que derivaría, por unha banda do mais íntimo achego ás fontes, e por outra, da familiarización galega c-unha literatura de calidade e alento humano extraordinarios, como é n-este intre a que se fai no Brasil.

O cadro xa é hoxe ben tentador. Moito mais o será deica poucos anos, pol-o camiño que leva o mundo.

**VIGO, Abril, 1968.**

#### **N O T A S**

1. T. DE MAURO: "Introduzione a la semántica", Bari. 1965.
2. B. CROCE: "Dicorsi di varia filosofia", vol. 2. Bari. 1945.
3. C. TRABALZA: "Storia della Grammatica italiana". Milano, 1908.
4. O. JESPERSEN: "Humanidad, nación, individuo". Buenos Aires, 1947.
5. W. MARSHALL URBAN: "Lenguaje y Realidad". México, 1962.
6. G. W. F. HEGEL: "Phänomenología des Geistes", Stoccarda, 1929.
7. M. BANDEIRA: "Apresentação da Poesía Brasileira", Río de Janeiro, 1957.
8. M. J. HERSKOVITS: "Man and his works. The science of cultural anthropology". New York, 1948.
9. J. VENDRYES: "Le Langage. Introduction linguistique à l'histoire". París, 1950.
10. PEDRO SALINAS: "El Defensor". Madrid, 1968.